

RESOLUCIÓN DO 26 DE FEBREIRO DE 2021, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS SOBRE O RÉXIME DE VACACIÓNS E PERMISOS 2021 PARA O PERSOAL DO ÁMBITO DA ÁREA SANITARIA.

A presente Resolución é de aplicación ao persoal estatutario, funcionario e persoal residente en formación que presta servizos na Área Sanitaria de Vigo.

Ten o seu baseamento nas Instrucións recibidas da Dirección Xeral de Recursos Humanos, no Acordo de Concertación Social 2001, Instrucións da Dirección Xeral de Función Pública así como demais normativa de aplicación. Estas Instrucións veñen a reproducir as ditadas no ano 2020, coas modificacións necesarias para adaptar as datas de Nadal, aspectos relativos aos modelos de solicitude e ás resolucións das mesmas.

Tendo en conta os cambios normativos en materia de vacacións e permisos, a situación de referencia dos anos 2016 a 2020 nos que se rexistraron dificultades de dispoñibilidade de profesionais nas listas de selección temporal de Médicas/os de Familia en centros de saúde e en postos de PAC, Médicas/os de Urgencias, Pediatras de atención primaria, Matrón/as de atención hospitalaria e Enfermeiras/os de atención primaria e de atención hospitalaria e facultativos especialistas de área de categorías deficitarias en períodos de concorrencia de permisos como son o período de Nadal e verán, e tendo en conta as dificultades de organización asistencial dos permisos e vacacións en datas de maior pico de actividade asistencial e a súa importante incidencia na planificación da actividade dos servizos e dos descansos, cómpre ditar novas instrucións aplicables para o goce das vacacións 2021 coa finalidade de acadar unha maior programación asistencial e xestión das ausencias. Por eses motivos estas Instrucións anulan as precedentes normas de vacacións do ámbito da Área Sanitaria.

Así, esta Xerencia, en exercicio das facultades atribuídas no Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro) polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, e no Decreto 134/2019 do 10 de outubro (DOG nº 204 do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia,



RESOLVE:

Ditar as presentes instrucións en materia de vacacións e permisos aplicables a todo o persoal estatutario, funcionario, laboral e persoal residente da Área Sanitaria de Vigo.

1. Regras xerais :

1.1 As solicitudes de vacacións e permisos deberán enviarse á dirección correspondente para a súa autorización debidamente asinadas polo/a interesado/a e polo/a xefe/a de servizo/unidade e ou supervisor/a ou coordinador/a de enfermería, segundo corresponda. As solicitudes de vacacións e permisos de xefes/coordinadores e mandos serán autorizados pola dirección competente.

1.2 Como regra xeral (ver excepción punto 1.3), non se poderá ausentar por vacacións durante o mesmo período máis do 33% do persoal por categoría profesional, servizo ou unidade de atención hospitalaria, agrupación de PAC ou unidade/servizo de atención primaria.

Por todas as causas de ausencias non se poderá ausentar durante o mesmo período máis do 50 % do persoal por categoría profesional do servizo ou unidade de atención hospitalaria, agrupación de PAC ou unidade/servizo de atención primaria coa finalidade de que o 100% do persoal en quenda non sexa persoal sen experiencia.

1.3 Nas categorías deficitarias citadas na exposición, os calendarios de vacacións de cada categoría/unidade terán que realizarse de tal xeito que garantan que 1/4 do persoal estable aproveite as vacacións en cada mes do período ordinario de xuño a setembro. Trátase de facilitar a substitución de persoal con déficit nas listas de selección temporal mediante o maior número de bloques de vacacións de 4 meses.

1.4 Os prazos de solicitude serán os indicados nesta Resolución. Entenderanse denegadas as solicitudes de días de libre disposición (LD) presentados cunha antelación de 30 ou máis días de antelación sendo o prazo mínimo de 15 días. No período de Nadal as solicitudes de días de LD terán os prazos ditados nas normas específicas que serán antes do 15 de outubro para as categorías deficitarias e con anterioridade ao 15 de novembro para as outras categorías

1.5 Tanto en atención primaria como en atención hospitalaria, co fin de evitar o uso innecesario de papel e facilitar a xestión, o documento onde consta a carteleira do período ordinario de vacacións asinada polo persoal de cada unidade, unha vez autorizada pola dirección, ten os

efectos equivalentes aos do modelo individualizado de solicitude/autorización de vacacións. Desta forma evitaranse as solicitudes individuais polo que non deberán tramitarse.

O orixinal do calendario autorizado será remitido á Dirección de Recursos Humanos, e unha copia será devolta ás unidades para que o persoal teña constancia da autorización facilitando copia.

Os datos que constan nos calendarios autorizados serán os que se mecanicen no aplicativo de persoal.

Calquera cambio posterior sobre as datas de vacacións solicitadas e autorizadas no calendario, así como as solicitudes para fóra do período ordinario deberán tramitarse no modelo habitual de solicitude e autorización. Os prazos serán de dous meses de antelación para os períodos de cambio que afecten ao verán e nadal en categorías deficitarias, e cun mes de antelación de afectar o cambio a outros períodos ou a categorías non deficitarias.

2. Vacacións

2.1 Duración e cómputo:

O persoal terá dereito, por ano completo de servizos, a gozar dunhas vacacións anuais retribuídas dun mes natural de duración, equivalente a vinte e dous días hábiles, nos termos do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o *Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público*, ou dos días que correspondan proporcionalmente en función do tempo de servizo efectivo.

Respecto desta previsión, deben realizarse as seguintes consideracións:

- O Estatuto Básico do Empregado Público (en diante EBEP) para estes efectos considera inhábiles os sábados, pero exceptúa da tal consideración ao persoal rexido por horarios especiais respecto dos que estean determinadas as súas adaptacións. Neste sentido, cómpre advertir que a distribución ordinaria da xornada no eido da Administración pública véñse realizando de luns a venres de acordo co horario máis común de funcionamento dos servizos.
- O persoal suxeito ao Acordo de Concertación Social do ano 2001 (ACS, no sucesivo) ten especificamente desenvolvido un réxime de xornada especial, referida en termos de cómputo anual e de xornada anual efectiva, diferenciando os distintos réximes ou



quendas de prestación (fixa, rotatoria simple ou complexa); mais en todos os supostos contéplase a realización dun determinado número de módulos. Para o cálculo deste número de módulos tivose en conta o dereito ao aproveitamento de 30 días de vacacións, nove días de libre disposición (seis na actualidade) e o número de libranzas correspondentes ao recoñecemento de domingos e 14 festivos e libranzas de noite, de ser o caso. Polo que a introdución da referencia a días hábiles na regulación do dereito ás vacacións dos empregados públicos non altera o réxime de xornada anual xa que na determinación do seu cómputo xa ten en conta o citado paradigma. Xa que logo, será a realización efectiva do número de horas de xornada a que acoute o aproveitamento dos descansos regulamentarios do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. A estes efectos, similar consideración cómpre facer respecto do persoal rexido pola normativa derivada do Acordo de Médicos de Urgencias Hospitalarias, (MUH) (cada día de vacacións, LD, permisos e días adicionais equivale a 7 horas) e o Acordo de Persoal de Urgencias Extrahospitalarias.

- Tendo en conta as dúas consideracións anteriores, e co obxecto de compatibilizar o réxime de xornada e o desfrute de vacacións vixentes coa equivalencia do aproveitamento destas na modalidade de 22 días hábiles, as solicitudes de vacacións se indicarán en todo caso de data a data, se ben cando se queiran desfrutar na modalidade de días hábiles, estes se computarán de luns a venres (agás festivos) dentro do período solicitado para o persoal incluído no ámbito do ACS.
- En coherencia e complementariamente a tal consideración, cómpre subliñar que os períodos (continuados ou fraccionados) e/ou modalidades (en días naturais ou en días hábiles) de desfrute das vacacións anuais non poden conlevar por se mesmas unha alteración, por exceso ou por defecto, do número de horas de xornada anual a realizar. Esta previsión, que pode requirir os axustes precisos de quendas para garantir o cumprimento da xornada anual de cada profesional, ten un impacto singular no persoal con réxime de quendas ou con distribución irregular da xornada anual amparados pola normativa derivada do ACS, dos MUH e dos PAC.
- Nos termos da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego de Galicia e con base na disposición adicional decimo cuarta do EBEP, no suposto de ter completado os anos de antigüidade na Administración que se indican, o persoal estatutario terá dereito ao goce dos seguintes días de vacacións anuais:





- Quince anos de servizo: vinte e tres días hábiles (un día máis que os 22 de xeral aplicación para todos os empregados públicos).
 - Vinte anos de servizo: vinte e catro días hábiles (dous días máis).
 - Vinte cinco anos de servizo: vinte e cinco días hábiles (tres máis).
 - Trinta ou máis anos de servizo: vinte e seis días hábiles (catro máis).
- Como vén de expoñerse, nestes casos o incremento do número de días de vacacións por riba dos 22 establecidos con carácter xeral no EBEP suporán a correlativa diminución da xornada anual efectiva dos profesionais afectados, a razón de 7 horas anuais por cada día adicional de vacacións e LD adicionais. Aplicable aos acordos de xornada de concertación social, Médicos de Urgencias e Persoal de Urgencias Extrahospitalarias.
 - Criterio de proporcionalidade: Como se indicou ao comezo deste apartado, nos supostos de que a prestación de servizos sexa inferior ao ano natural correspondente, o tempo de desfrute das vacacións será proporcional á razón de 2,5 días naturais ou 1,83 días hábiles por mes de servizo, redondeándose por exceso a fracción que se puidese producir, agás no suposto de xubilación, no que se lle recoñecerá ao/a profesional estatutario o mes completo (ou 22 días hábiles, máis os días de vacacións adicionais que en cada caso lle correspondan).
 - Como norma xeral, ao persoal eventual con previsión de servizos prestados inferiores a 6 meses se lle procederá á compensación económica das vacacións xeradas ao remate do vínculo, agás petición expresa de desfrute proporcional, que estará condicionada a un mínimo 7 días naturais de vacacións por prestación de 3 meses, agás para o persoal eventual con vínculos temporais desa duración motivados por vacacións, se solicitan o desfrute nese período. No suposto de permisos sen soldo ou situacións asimiladas de dedución de haberes, reducirase 2,5 días naturais ou 1,83 días hábiles por cada mes sen soldo ou parte proporcional correspondente.

3. Períodos de aproveitamento

Co fin de organizar os servizos asistenciais e programar as coberturas necesarias requírese necesariamente unha programación previa para unha maior ordenación dos recursos.



3.1 Período ordinario:

Con carácter xeral considerase o período ordinario os meses de xuño a setembro, ambos incluídos, debendo solicitarse as vacacións por mes natural ou ben por quincenas naturais (do 1 ao 15 ou do 16 ao último día do mes) iniciándose as quincenas o día 1 ou o día 16, agás propostas alternativas de xestión global do período de vacacións por categorías (de existir acordo entre os traballadores da unidade/centro formalizado coas direccións correspondentes vinculado a criterios de substitución). Especificamente, nos supostos en que non sexa precisa substitución poderán solicitarse igualmente vacacións por unha semana natural.

3.2 Período non ordinario:

Fóra do período ordinario, como regra xeral as vacacións poderanse desfrutar de xeito ininterrompido por meses naturais ou período de 30 días, ou ben de xeito fraccionado por quincenas naturais ou períodos de 15 días naturais contados de data a data; así como semanas naturais ou períodos de 7 días naturais contados de data a data. A fórmula que se empregue para o goce das vacacións de cada profesional non lle pode carrexar incremento ou redución ningunha respecto ao período de vacacións anuais recoñecido legalmente, isto é, o consistente nun mes ou 22 días hábiles (ou dos días que correspondan proporcionalmente, se o tempo de servizo durante o ano fose menor). Dadas as dificultades de cobertura e por mor da organización asistencial no mes de decembro, as vacacións deberán desfrutarse con anterioridade ao 15 de decembro (inclusive) para o persoal pediatra de atención primaria, especialistas de medicina interna-xeriatria e pneumoloxía, médico de familia, médico de urxencias, persoal de enfermería e enfermeiras/os especialistas en xinecoloxía e obstetricia (Matrón/as). Poderán desfrutarse ata o 31 de decembro para o resto de persoal agás que pola falta de persoal dalgunha outra categoría poida acordarse outra anterior.

3.3 Con carácter xeral (agás a excepción prevista no punto 3.7), non poderán acumularse os días de libre disposición e días adicionais de vacacións e de libre disposición por antigüidade co desfrute de vacacións no período ordinario de xullo e agosto. Co fin de favorecer o desfrute de vacacións no mes de xuño e setembro, permitirase unir os días adicionais e LD's adicionais nese período de vacacións.

3.4 Os días de libre disposición, tanto os xerais como os adicionais por antigüidade, poderán aproveitarse, con carácter xeral e sempre supeditado ás necesidades do servizo, ata o 31 de marzo do ano seguinte ao de devengo, conforme ao acordado da Mesa Sectorial de Sanidade.

3.5 Procurarase o goce dos días de libre disposición nun 50% no primeiro semestre do ano e un 50% no segundo semestre do ano. A estes efectos informase que previsiblemente o persoal das categorías deficitarias nas áreas de maior actividade no período de Nadal terán condicionado o desfrute de vacacións e vacacións adicionais, permisos retribuídos e non retribuídos por interese particular e LD en período do Nadal.

3.6 Aproveitamento fóra do ano natural: Cando as situacións de permiso de maternidade, paternidade, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan iniciar o goce das vacacións dentro do ano natural ao que correspondan, ou unha vez iniciado o período vacacional sobreviñese unha das devanditas situacións, o período vacacional poderase gozar aínda que rematase o ano natural ao que correspondan e sempre que non transcorresen máis de dezaioito meses a partir do final do ano no que se orixinaron. Con carácter xeral e sempre supeditado a necesidades organizativas, as vacacións deberán gozarse de forma ininterrompida a partir da situación de alta.

3.7 Aproveitamento de días adicionais de vacacións: dada a súa natureza de vacacións deberán desfrutarse os días de xeito conxunto. O persoal médico de familia, médico de urxencias, médicos de medicina interna, xeriatria, pneumoloxía e anestesia, pediatras de atención primaria, enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en xinecoloxía e obstetricia (Matrón/a) de primaria e hospitalaria poderán desfrutalos fóra dos meses de xullo e agosto e con anterioridade ao 15 de decembro. Poderán desfrutarse con anterioridade ao 31 de decembro para o resto de persoal, agás que pola previsión de falta de persoal de algunha categoría se acorde outra data anterior. O persoal de categorías que non resulten obxecto de substitución de vacacións por bloques, como por exemplo o persoal facultativo especialista de área, de desfrutar as vacacións fraccionadas, deberán gozar dos días adicionais de vacacións a continuación dun período fraccionado co fin de facilitar a organización asistencial.

3.8 No período do Nadal o desfrute máximo de permisos será de 5 días nunha semana, agás no período de 3 a 9 de xaneiro de 2022, no que o desfrute máximo será de 4 días, para permitir equilibrar o desfrute de días sinalados entre o persoal das unidades. Os días distribuiranse nas seguintes datas: de 20 a 26 de decembro, de 27 de decembro de 2021 a 2 de xaneiro de 2022 e de 3 a 9 de xaneiro de 2022.

4. Organización das quedas de vacacións e permisos:

4.1 Para garantir a continuidade asistencial e una correcta prestación de servizos públicos e protección a saúde, como regra xeral nos períodos nos que concorren diversas solicitudes de permisos por interese particular (permisos e vacacións) na mesma Unidade/Servizo, a autorización estará supeditada a presenza do 50% do persoal estable de cada categoría na unidade no período co fin de garantir o mantemento da calidade asistencial e por tanto evitar o 100% de persoal novo.

En categorías de facultativos especialistas de área a porcentaxe de presencias poderá incrementarse tendo en conta o pico de actividade (gripe, etc) e o persoal dispoñible.

4.2 Adoptase como período ordinario de vacacións os meses de xuño a setembro, sen prexuízo de se cambian as necesidades organizativas, este período poder ser mudado.

4.3 No caso de que os/as traballadores/as dunha unidade na que ningún deles teña preferencia na elección e soliciten o mesmo período vacacional, de non haber acordo, o criterio para resolver a preferencia inicial será por orden de maior a menor antigüidade como persoal fixo na Área Sanitaria Vigo, debendo establecerse para os anos seguintes un ciclo rotativo entre todos/as traballadores/as da unidade afectada.

5. Calendarios de vacacións

As propostas de calendario de vacacións deben recoller as previsións de vacacións de todo o persoal (incluído o persoal temporal con vínculo igual ou superior a 6 meses) tanto en período ordinario coma a estimación de desfrute en período non ordinario, co fin de facilitar a programación asistencial. A autorización de vacacións para o persoal facultativo especialista de área virá condicionada a ter garantías de prestación mínima por unidade asistencial segundo se acorde coa dirección correspondente e os/as responsables dos servizos. Así, cada servizo acordará coa Dirección de procesos asistenciais a actividade mínima no período ordinario e no período de verán, Nadal, Semana Santa e pontes.

5.1 Período ordinario

As propostas de calendario vacacional serán remitidas polos responsables dos servizos/unidades e centros de atención primaria antes do 31 marzo ás direccións correspondentes. No mes de marzo negociarase a garantía de prestación asistencial por unidade no período de vacacións.

Sublíñase a importancia do envío dos devanditos calendarios debidamente cumprimentados.

5.2 Fóra do período ordinario

Poderá indicar a previsión do período de desfrute antes do 31 de marzo, para facilitar a organización, sen prexuízo de que deberán solicitarse de forma individual cunha antelación de 2 meses á data inicial proposta nas categorías deficitarias e de 1 mes nas demais categorías. De ter previsión de desfrute no mes de decembro deberá indicarse na previsión e solicitarse antes do 15 de outubro de 2021, nas categorías deficitarias, resolvéndose ditas solicitudes no prazo establecido con carácter xeral no ACS, a contar dende o día seguinte á finalización do prazo indicado neste parágrafo. A solicitude fóra do período ordinario deberá ser autorizada expresamente pola dirección que corresponda tendo en conta para a súa denegación a situación asistencial da unidade de orixe fundamentalmente nas unidades de maior presión asistencial no Nadal.

Nos supostos excepcionais de cambio de vacacións por parte do/a traballador/a debe tramitarse con escrito expreso dirixido á dirección cun prazo de 1 mes de antelación á data asignada inicialmente autorizado pola dirección correspondente.

6. Elección do período de vacacións

6.1 As quendas de vacacións distribuiranse de acordo co criterio de rotación para os 4 meses do período ordinario, en función dos acordos adoptados polo persoal de cada unha das unidades ou servizos, sempre que se mantexa a plena capacidade funcional delas e non se incumpra o establecido na presente norma. No suposto de non acadalo acordo, se aplicarán os criterios previstos nos puntos 4.3 e 6.2 e seguintes .

6.2 Recoñécese o dereito de elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes.

6.3 Nos termos indicados nos apartados seguintes, recoñécese o dereito de preferencia de elección de mulleres e homes con fillas e fillos menores de doce anos ou persoas maiores dependentes ao seu coidado directo, tendo prioridade as persoas que reúnan a condición de persoa proxenitora de familiar numerosa dentro deste grupo. Para estes efectos a dependencia e a preferencia acreditarase co:

- Certificado de empadramento que acredite a convivencia co familiar

- Documento oficial que acredite a necesidade de asistencia do familiar: certificado médico ou informe de saúde, certificado expedido pola consellería competente en materia de política social ou, no seu defecto, informe social dos servizos sociais comunitarios municipais.

- Documento que xustifique a necesidade do exercicio de preferencia no período ordinario de vacacións.

6.4 Nas quendas de vacacións, os traballadores/as que teñan as mencionadas responsabilidades familiares terán preferencia para que polo menos 15 días das súas vacacións coincidan coas vacacións escolares (no caso de menores) ou con outras circunstancias acreditadas no caso de maiores. Dentro de cada situación resolverase a preferencia dentro da categoría, a favor de quen teña maior antigüidade como persoal fixo na Área Sanitaria de Vigo.

6.5 A preferencia a favor dos/das traballadores/as con estas responsabilidades familiares non implica a elección dunha quenda determinada senón unicamente que 15 días das súas vacacións se disfruten dentro dos límites do período de vacacións escolares.

Respectando este requisito, a elección da quenda concreta dentro de dito período resolverase cunha porcentaxe de reserva en cada quenda de vacacións, unha vez determinado o número de persoal que pode ausentarse por quincena no período vacacional. Así, por exemplo, se nunha Unidade/Servizo hai un 20% do persoal con preferencia, do 100% do persoal de cadro, reservarase esa mesma porcentaxe (20%) en cada quenda vacacional para o exercicio desa preferencia. As quendas restantes entrarán na elección do resto de persoal sen cargas familiares e por orde de maior antigüidade como persoal fixo na Área Sanitaria de Vigo, de non haber acordo.

No caso de configurarse o calendario con este sistema, dará lugar a iniciar un ciclo rotativo entre todos os traballadores da unidade afectada nos anos sucesivos.

6.6 No suposto de producirse novas incorporacións á unidade, incorporaranse a unha quenda de vacantes de vacacións de acordo coas necesidades do servizo. No suposto de non existir quenda de vacantes, os/as incorporados/as á unidade establecerán a quenda de vacacións por sorteo entre eles/as, ou se o incremento se refire a un só profesional, mediante solicitude individual. Cando o profesional fose trasladado forzosamente despois do 31 de marzo, respectáraselle a súa quenda de vacacións, adecuándose a rotación ó ano seguinte.

7. Concorrencia de solicitudes de días de libre disposición e vacacións:

Nos supostos de concorrencia de solicitudes nos meses de decembro 2021/ xaneiro 2022 remitiranse tamén os correspondentes calendarios debidamente cumprimentados polos responsables dos centros/servizos/unidades .

7.1 Vacacións fóra do período ordinario: nos períodos nos que concorran diversas solicitudes de permisos (permisos e vacacións) na mesma Unidade/Servizo, a autorización estará supeditada a presenza do 50% do persoal estable na unidade co fin de garantir o mantemento da calidade asistencial

7.2 Días de libre disposición e outros permisos programables: Como regra xeral o prazo para presentar solicitudes serán de 15 días de antelación. Si ben os días a desfrutar dende o 1 de decembro de 2021 ao 15 de xaneiro de 2022 dada a concorrencia habitual de solicitudes, así como o incremento de actividade e a insuficiencia de persoal para vinculación temporal en varias categorías deberán ser solicitados con carácter xeral antes do 15 de outubro nas categorías deficitarias e 15 novembro para as demais categorías con obxecto de organizar a cobertura dado o volume de solicitudes. O prazo de resolución para ditas solicitudes será o establecido con carácter xeral no ACS, a contar dende o día seguinte á finalización do prazo indicado neste parágrafo.

Durante o período de Nadal (do 20 de decembro ao 9 de xaneiro) autorizaranse como máximo 5 días consecutivos nas datas de 20 a 26 de decembro e de 27 de decembro de 2021 a 2 de xaneiro de 2022; e como máximo 4 días consecutivos nas datas do 3 ao 9 de xaneiro de 2022. Estes días de libre disposición deberán estar incluídos dentro destas datas para o persoal incluído no ACS, agás que en cada unidade se achegue a un acordo que permita outro disfrute. O persoal médico de urxencias hospitalarias e persoal médico e de enfermería de urxencias extrahospitalarias poderán desfrutar nesas datas un número máximo de 41 horas ou inferior de forma que unha mesma persoa disfrute a lo menos de 1 permiso nos días especiais. Os permisos reflectidos nos calendarios non poderán ser obxecto de cambio ou anulación agás motivos urxentes e convenientemente xustificados.

7.3 Permisos sen soldo e outros

Como regra xeral, non se autorizarán permisos sen soldo e reducións de xornada por interese particular en médicos de familia en postos de PAC e en centros de saúde, pediatras de atención primaria, médicos de urxencias, enfermeiras e enfermeiras especialistas de xinecología e

obstetricia así como naquelas especialidades médicas deficitarias, nos períodos de verán e nas datas sinaladas do Nadal ou concorrentes con picos de actividade en tanto que pode constatarase a falta de persoal destas categorías para a súa cobertura. Tampouco se autorizarán nas datas de Nadal permisos de formación (agás ACIS) ou asistencia a congresos e similares de interese particular por non poder garantir a cobertura e por coincidir en datas de alta actividade asistencial e ausencias.

8. Persoal Residente en formación:

O persoal residente en formación, dado que as súas rotacións son habitualmente de 1 mes, poderá desfrutar as vacacións durante o ano por períodos semanais. O persoal residente no ano de inicio e finalización da residencia poderá desfrutar de días soltos de vacacións, cando disfrutados por períodos de semana, queden pendentes un número de días inferior a esta.

9. Resolución

Recibida na Dirección correspondente a programación de vacacións a día 31 de marzo de 2021, tratarase cos servizos a garantía de prestación e se responderá ás unidades antes do 30 de abril de 2021. A resolución denegatoria debe motivar as causas concretas nas que se fundamenta a denegación.

Neste suposto, o novo calendario de vacacións será establecido seguindo o procedemento previsto no Acordo de Concertación Social 2001. No suposto de non acadarse o acordo a que fai referencia, o calendario será establecido pola dirección correspondente.

A resolución pola que se establece o novo calendario será notificada ás unidades afectadas antes do 10 de maio.

No suposto de non dítarse resolución expresa entenderase aceptado o calendario proposto.

Nos supostos de non recibirse a proposta no prazo indicado, a dirección actuará de acordo co previsto no Acordo de Concertación social, notificándoo o calendario á unidade afectada antes do 30 de abril. En caso de non acadarse acordo na unidade o calendario establecerao a respectiva dirección.

10. Procedemento e información:

10.1 O calendario asinado polo persoal se remitirá por cada mando ás direccións correspondentes.



10.2 As condicións de desfrute informaranse ao persoal.

10.3 Corresponde a autorización das vacacións aos seguintes órganos e responsables:

- A Dirección Asistencial e Dirección de Enfermería: autorizará calendarios de persoal sanitario facultativo e non facultativo, respectivamente.
- A Dirección de Recursos Humanos: autorizará calendarios de persoal de xestión e servizos do seu ámbito de actuación e de atención primaria.
- A Dirección de Recursos Económicos: autorizará calendarios de persoal de xestión e servizos do seu ámbito de actuación.
- A Coordinación de Admisión: autorizará os calendarios de persoal do seu ámbito de actuación.
- A Subdirección de Humanización e Atención á Cidadanía e a Subdirección de Sistemas e Tecnoloxías da Información: autorizará as vacacións do persoal no seu ámbito de actuación
- A Xerencia autorizará as vacacións do resto do persoal non comprendido nos apartados anteriores.

11. Efectos:

Estas instrucións deixan sen efecto as Instrucións ditadas o 28 de febreiro de 2020 .

Vigo, 26 de febreiro de 2021

O xerente da Área Sanitaria de Vigo

Francisco Javier Puente Prieto



DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta data procédese á publicación da presente Resolución.

Vigo, 26 de febreiro de 2021

Directora de Recursos Humanos



1. The first part of the document is a list of names and titles, including "The Hon. J. H. P. ...", "The Hon. J. H. P. ...", and "The Hon. J. H. P. ...".